

TEMA 9

Finanziamento



FUNCIÓN FINANCEIRA:

REPASO DO TEMA 8

Unha empresa precisa uns **investimentos** para a súa actividade: local, inventarios, equipos informáticos, mobiliario, maquinaria, vehículos, cartos,...

ACTIVO NON CORRENTE
PERMANECEN NA EMPRESA A
LONGO PRAZO



ACTIVO CORRENTE
A CURTO PRAZO



FUNCIÓN FINANCEIRA:

REPASO DO TEMA 8

Pero tamén necesita uns recursos que financien os investimentos.



**AS DECISIÓNS DE INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO
SON COMPLEMENTARIAS**



FUNCIÓN FINANCEIRA:

A función financeira selecciona:

- Os distintos investimentos necesarios para levar a cabo a súa actividade.

¿EN QUE INVESTIMOS?

- O financiamento axeitado a cada investimento.

¿CÓMO NOS FINANCIAMOS?



**¿CANTOS RECURSOS NECESITAMOS E
DE ONDE OS IMOS CONSEGUIR?**


O financiamento é a consecución dos medios necesarios para efectuar os investimentos.






FONTES DE FINANCIAMIENTO

CLASIFICACIÓN



FONTES DE FINANCIAMIENTO:

CLASIFICACIÓN



Segundo a duración	▪ A longo prazo ▪ A curto prazo
Segundo a procedencia	▪ Interna ou autofinanciamento; proceden da empresa. ▪ Externa; proceden do exterior da empresa
Segundo a propiedade	▪ Propios, son propiedade da empresa e non ten que devolvelos. ▪ Alleos, son propiedade doutros. Son DÉBEDAS.


TAE

O custo dos recursos propios


Non hai un desembolso explícito polo seu uso, pero a utilización dos recursos propios supón un **custo de oportunidade**.

O custo dos recursos alleos

Teñen un **custo explícito e coñecido**. Son un **gasto deducible** no imposto de beneficios.



Xuros variables: EURIBOR+SPREAD



Evolución del Euríbor a un año desde su puesta en marcha en junio de 1999

Fuente: Índices de referencia publicados mensualmente por el BOE de España

Elaboración gráfica por Wikipedia

TAE: Tasa Anual Equivalente

TIN: Tipo de interés nominal

Un TIN de 2% mensual é igual a un 24% nominal anual, pero equivale a un 26,82% real anual.



Fontes de
Financiamento

**AUTOFINANCIAMENTO
OU FINANCIAMENTO INTERNO:**

AUTOFINANCIAMENTO OU FINANCIAMENTO INTERNO:



AUTOFINANCIAMENTO OU FINANCIAMENTO INTERNO

Está formado polos recursos que xera a propia empresa.

Son *beneficios retidos, non repartidos entre os propietarios.*



AUTOFINANCIAMENTO POR MANTEMENTO

Destinados a **manter** a capacidade produtiva da empresa:

Amortizacións e Provisións

AUTOFINANCIAMENTO POR ENRIQUECEMENTO OU CRECEMENTO

Destinados a **aumentar** a capacidade produtiva da empresa:

Reservas (beneficios non distribuídos)

AUTOFINANCIAMENTO OU FINANCIAMENTO INTERNO:

- ▶ **Amortizacións**, son fondos compensadores da **depreciación** sufrida polos elementos do **activo non corrente**.



DEPRECIACIÓN

Perda de valor

Causas da **depreciación**:

- Desgaste debido ao uso.
- Por obsolescencia.
- Polo simple paso do tempo.



AMORTIZACIÓN Anual

Cuantificación da depreciación

Unha empresa decide renovar os mobles da oficina.

Os mobles van durar varios anos, e non é xusto repercutir todo el gasto á conta de resultados dun só ano, pois eses mobles van a axudar a xerar ingresos durante varios anos. O que se fai é dividir ese gasto en varios anos, en función de canto valor perderon ese ano. **Isto é amortizar.**

As normas contables de cada país establecen como calcular as amortizacións, para que os resultados se aproximen o máis posible á realidade.

Métodos de amortización



AUTOFINANCIAMENTO OU FINANCIAMENTO INTERNO:



Cota de **amortización anual**

Calcúlase polo valor que vai perdendo o activo ao ser empregado no proceso de produción.

É un custo de produción e réstanse ao calcular os **resultados** obtidos pola empresa.

Custo

Amortización acumulada

A amortización acumulada ano tras ano constitúe un **fondo** que serán utilizados unha vez chegado o momento en que haxa que *renovar* ou *repoñer a capacidade produtiva* (os vehículos, a maquinaria, os equipos informáticos, o mobiliario, etc.)

Fonte de financiamento

Obxectivos da amortización :

1. Valorar a depreciación previsible, irreversible e sistemática dos bens non correntes como consecuencia de su uso u obsolescencia. Tense en conta para calcular o beneficio.
2. Xerar un fondo para adquirir novos elementos ao final da vida útil dos antigos: fonte de financiamento.

Elementos que se Amortizan: Todos os activos non correntes excepto os terreos.

AUTOFINANCIAMIENTO OU FINANCIAMIENTO INTERNO:

- **Provisi3ns**, son fondos que se crean para hacer frente a ciertas perdas que a3nda non se produciron, como indemnizaci3ns, rupturas de contratos, depreciaci3n de existencias, etc. Son gastos que restan 3 hora de calcular o resultado



AUTOFINANCIAMENTO OU FINANCIAMENTO INTERNO:

- **Reservas**, son beneficios non repartidos. Impulsan o crecemento aumentando a capacidade produtiva da empresa. Tipos: legais, estatutarias, voluntarias,...



AUTOFINANCIAMENTO OU FINANCIAMENTO INTERNO:



VANTAGES

Mellora a autonomía da empresa, que non depende dos demais.

Fontes de financiamento baratas, non hai que pagar xuros (pero teñen un **custo de oportunidade**).

Maior solvencia financeira da empresa.

Aumenta a capacidade de endebedamento.

Para as PEMES é case a única fonte.

INCONVENIENTES

Supón que os propietarios deben renunciar a uns dividendos agora coa promesa de obter maiores beneficios futuros. Isto non sempre é ven recibido no mercado de capitais (como a Bolsa, que baixa a cotización).

Como non custan poden levar a facer investimentos pouco rendibles.

Xéranse lentamente.



Fontes de
Financiamento

FINANCIAMENTO EXTERNO:

- Propio: capital
- Alieo: débedas

FINANCIAMENTO EXTERNO E PROPIO:

Capital

Son as achegas dos propietarios.

Non son esixibles, non hai que devolvelas.

Remunéranse cos dividendos (reparto de beneficios entre os propietarios).

O capital dunha sociedade chámase capital social. Nalgúns casos hai un capital social mínimo.



FINANCIAMIENTO EXTERNO E PROPIO:

Capital das S.A.: as accións



Valores das accións:

Valor nominal (VN) da acción. É o valor que se outorga a cada acción no seu respectivo título.

$$VN = \frac{\text{Capital social}}{\text{Nº de accións}}$$

Valor teórico (VT) ou contable dunha acción obtense a través da contabilidade da empresa:

$$VT = \frac{\text{Neto patrimonial (capital + reservas)}}{\text{Nº de accións}}$$

Valor de mercado. É o valor que lle da o mercado a unha acción. Se a empresa está admitida nun mercado de valores, chámase **cotización**.


FINANCIAMENTO EXTERNO E PROPIO:

Ampliacións de capital

Se a empresa necesita financiamento pode ampliar o seu capital social, mediante novas achegas, dos socios actuais ou captando novos.

A entrada de novos socios **prexudica** os antigos accionistas de diferentes formas:

- En primeiro lugar, a porcentaxe da participación que teñen no negocio diminuirá, pois o patrimonio neto despois da ampliación quedará máis dividido debido ao maior número de accións.
- En segundo lugar, de non se incrementar os beneficios, ao menos proporcionalmente, estes teranse que repartir entre un número maior de accións, co que os dividendos poderían diminuír.



FINANCIAMIENTO EXTERNO E PROPIO:

Exemplo:

A, SA está formada por 100.000 accións de 10 € de valor nominal.
Ten reservas por 600.000 €.

Calcula o valor teórico de cada acción

FINANCIAMIENTO EXTERNO E PROPIO:

Exemplo:

A, SA está formada por 100.000 accións de 10 € de valor nominal.
Ten reservas por 600.000 €.

Calcula o valor teórico de cada acción.

$$\text{Capital social} = 100.000 \times 10 = 1.000.000 \text{ €}$$

$$\text{Patrimonio Neto} = 1.000.000 + 600.000 = 1.600.000 \text{ €}$$

$$\text{Valor teórico de cada acción} = 1.600.000 / 100.000 = 16 \text{ €}$$

Agora a sociedade amplía capital emitindo 20.000 accións novas á par (polo nominal). Calcula o valor teórico despois da ampliación.

FINANCIAMENTO EXTERNO E PROPIO:

Exemplo:

A, SA está formada por 100.000 accións de 10 € de valor nominal.
Ten reservas por 600.000 €.

Calcula o valor teórico de cada acción.

$$\text{Capital social} = 100.000 \times 10 = 1.000.000 \text{ €}$$

$$\text{Patrimonio Neto} = 1.000.000 + 600.000 = 1.600.000 \text{ €}$$

$$\text{Valor teórico de cada acción} = 1.600.000 / 100.000 = 16 \text{ €}$$

Agora a sociedade amplía capital emitindo 20.000 accións novas á par (polo nominal). Calcula o valor teórico despois da ampliación.

$$\text{Patrimonio Neto} = 1.600.000 + (20.000 \times 10) = 1.800.000 \text{ €}$$

$$\text{Valor teórico de cada acción} = 1.800.000 / 120.000 = 15 \text{ €}$$

$$\text{Comparando el valor teórico antes da ampliación e despois: } 16 - 15 = 1 \text{ €}.$$


FINANCIAMENTO EXTERNO E PROPIO:

Ampliacións de capital

Existen dous procedementos para **protexer os antigos accionistas** nas ampliacións de capital:

1. Emitir as novas accións **sobre a par**, é dicir, a un prezo de emisión superior ao valor nominal das accións; a esa diferenza chámase **prima de emisión**.
2. Os accionistas antigos teñen o **dereito de subscrición preferente**: *preferencia dos antigos accionistas para subscribir a proporción das accións novas que lles correspondan*. **A cada acción correspóndelle un dereito de subscrición e estes teñen un valor económico. Aos accionistas correspóndelles un nº de accións novas proporcional ao que tiñan das antigas.** Estes terán dúas opcións: comprar a parte proporcional que lles corresponda das accións novas (exercendo o seu dereito preferente de subscrición) ou ben recibir o importe correspondente aos dereitos de subscrición que posúa (vender os dereitos) para así compensar a mingua patrimonial.

FINANCIAMIENTO ALLEO



JP Morgan fue el fundador de una de las mayores entidades bancarias de los Estados Unidos.

Morgan financió, a través de préstamos, a numerosas empresas. Pero también fue un especialista en reflotar empresas en crisis, inyectando capital y reestructurando su negocio.

En la actualidad JP Morgan es, quizá el banco de inversión más importante del mundo.

FINANCIAMENTO EXTERNO E ALLEO:

- ▶ Crédito comercial de **acreedores, provedores e outras partidas pendentes de pagamento**. Tamén financian a empresa. Non teñen un custo directo, pero si hai un custo de oportunidade nos descontos que a empresa deixa de obter ao diferir o pago.



FINANCIAMENTO EXTERNO E ALLEO:

- **Descuberto bancario** ou números “rojos”.

O saldo na conta corrente da empresa é negativo. Ten custes elevados.



FINANCIAMIENTO EXTERNO E ALLEO:

- **Desconto de letras ou desconto comercial.** Operación pola que un banco adianta o importe dunha letra de cambio antes do vencemento, cobrando uns xuros. Importe a cobrar do banco = Importe la letra – xuros polo tempo adiantado. **O risco de non pagamento dos efectos ao seu vencemento segue sendo a cargo da empresa.**

Lugar de Emisión:		MONEDA:		IMPORTE:	
Por esta LETRA DE CAMBIO		Fecha de Vencimiento		VENCIMIENTO	
pagará usted al vencimiento		Día Mes Año			
expresado a					
la cantidad de (importe en letras)					
Persona o entidad:		en el domicilio de pago siguiente:		CLASE 12ª	
Dirección u oficina:		CÓDIGO CUENTA CLIENTE (CCC):		0,24 €	
Población:		Estado Oficina DC		de 48,09 € a 10,10 €	
		Hora de emisión		0 A 1782736	
ACEPTO		Cláusulas:		LIBRADOR:	
Fecha		LIBRADO		(Firma, nombre y domicilio)	
(Firma)		Nombre:			
		Domicilio:			
		Población:			
		C.B.:			
		Provincia:			

No utilizar este espacio por estar reservado para impresión registrada

Títulos valores

(Teñen valor porque dan dereitos)

Títulos cambiarios

*(Dereitos de crédito.
Son executivos)*

Letra de Cambio

Pagaré

Cheque

Teñen vencemento

Outros Títulos de crédito: as obrigas

Títulos participativos: as accións
(Dereitos a participar nunha organización)

Efectos comerciais

Títulos de crédito que poden cobrarse (se son a favor) ou deben ser pagados (se son a cargo) ao chegar a súa data de vencemento.

Letra de Cambio

Pagaré

Facturas

Lugar de liberación: **Alicante** MONEDA: **Euros** IMPORTE: **#1.000.- € #** CLASE 14*

Por esta LETRA DE CAMBIO pagará usted al vencimiento **15-05-2008** **15 de Julio de 2008**

expresado a **Sociedad del Librador S.A.**

la cantidad de (importe en letra) **Mil euros**

Persona o entidad: **Banco Santander** en el domicilio de pago siguiente:
 Dirección u oficina: **C. Alcalde Lorenzo Carbonell 44** CÓDIGO CUENTA CLIENTE (CCC)
 Población: **03007 Alicante** Entidad: **0128** Oficina: **0338** D.C.: **73** Número de Cuenta: **4121012356**

ACEPTO **01/03/2008** Cláusulas: **Con Protesto Notarial** LIBRADOR:

Fecha: **01/03/2008** Nombre: **Sociedad del Librada S.L.**
 P.P. Sociedad Librada Domicilio: **C. Reyes Católicos 25**
 Población: **03007 Alicante** C.P.: **03007** Provincia: **Alicante**

0 A 1243418

Domicilio de pago **CAJA RURAL DE ASTURIAS**

OVIEDO O P MELQUIADES ALVAREZ, 7 985220591
 33002 OVIEDO ESPAÑA BCOEESMM059

Código Cuenta Cliente (CCC)
 Entidad: **3050** Oficina: **0001** D.C.: **1 2** Número de Cuenta: **1000000000**

IBAN ES71 3059 0001 1211 4357 5023

Vencimiento: **18** de **MAYO** de **2006** EUR **820#** €

Por este Pagaré me comprometo a pagar el día del vencimiento indicado

A **ALMACENES DIVER**
 Euros **OCHOCIENTOS VEINTE**

OVIEDO A DOLE de **MARZO** de **2006**

Serie N.º 1.704.978 1 8220 2 (Lugar y fecha de emisión)

170497843059 0001 1143575023 8220

cajAstur 

PZ. MAYOR, S/N

33429 LA FRESNEDA-SIERO ESPAÑA

Entidad | Oficina | D.C. | Número de Cuenta


CCC 2048 0162 9 1 0010000000

IBAN ES12 2048 0162 9103 4000 2798

Páguese por este cheque a PORTADOR
Euros SEISCIENTOS CUARENTA CON OCHENTA Y CUATRO ~~€~~ EUR 640,84 ~~€~~

LA FRESNEDA A DOCE de MARZO de 2006
(La fecha debe consignarse en letra)

Serie TB N.º 5.506.586 1 4200 0



⑈550658612048⑈ 0162⑈ 0340002798⑈ 4200⑈

FINANCIAMIENTO EXTERNO E ALLEO:

- **Factoring.** Operación pola que unha empresa cede facturas ou dereitos de cobro (letras de cambio, recibos, pagarés,...) á empresa de factoring (ou factor). A empresa de factoring encárgase de presentar as facturas ao vencemento, despreocupándose a empresa de facelo.

Ademais, o factor **pode:**

- Adiantar o importe á empresa antes do vencemento, cobrando uns xuros.
- Correr co risco de non pagamento.

Vantaxes: a empresa evita a xestión administrativa dos cobros, pode cobrar por adiantado e pode traspasar o risco de cobro.

Desvantaxes: elevado custe (máis que o desconto bancario) e pode negarse a aceptar algúns créditos.




FINANCIAMENTO EXTERNO E ALLEO:


- ▶ **Préstamos.** Operación pola que unha entidade financeira (bancaria ou non) **entrega** una cantidade de diñeiro á empresa, que deberá devolvela xunto cuns **xuros**, nuns prazos estipulados. Poden ser a **curto ou a longo prazo**.
- ▶ **Créditos.** Operación pola que unha entidade financeira **pon a disposición** dunha empresa unha cantidade de diñeiro **ata un límite**. A empresa pode utilizala toda ou en parte. Só ten que pagar xuros pola parte disposta, non por todo o límite.



PRÉSTAMO



CRÉDITO (PÓLIZA DE CRÉDITO)



FINANCIAMIENTO EXTERNO E ALLEO:

- **Leasing.** É un contrato de arrendamento dun ben que inclúe unha opción a comprar o ben ao final do contrato. A empresa pode exercer a opción e comprar o ben ou non.




Vantaxes: permite a comprar de bens de equipo sen necesidade de realizar investimentos iniciais fortes, o risco de enellecemento trasládase á empresa de leasing e hai deduccións fiscais.

- **Renting.** É un contrato de aluguer. Non hai a posibilidade de comprar o ben alugado.

FINANCIAMIENTO EXTERNO E ALLEO:

- **Empréstitos.** As **sociedades anónimas** poden emitir **obrigas** ou bonos. Cando unha empresa precisa grandes cantidades de diñeiro e non quere acudir a endebedarse coas entidades financeiras, pode pedir prestado directamente aos investidores ou aforradores. Un empréstito non é máis que un préstamo dividido en pequenas partes que podemos adquirir os particulares chamadas obrigacións (devólvense a longo prazo, uns 5 anos) e bonos (a medio prazo, uns 2 anos). Teñen un vencemento e uns xuros que debe pagar a empresa emisora. Ao igual que as accións, as obrigacións ou os bonos son títulos valores e poden cotizar nos mercados de valores como a Bolsa.



Completa esta táboa:


Con estas fontes:

F O N T E S D E F I N A N C I A M E N T O	Interno ou autofinancia- mento	De mantemento		Recursos proprios	
		De enriquecimento			
	Externo			Longo prazo	Recursos alleos
				Curto prazo	

- Amortizacións
- Capital
- Créditos
- Créditos comerciais e espontáneos
- Desconto de efectos
- Descubertos en conta
- Empréstitos
- Factoring
- Leasing
- Préstamos a curto prazo
- Prestamos a longo prazo
- Provisións
- Renting
- Reservas

Completa esta táboa:

F O N T E S D E F I N A N C I A M E N T O	Interno ou autofinanciamento	De mantemento	Amortizacións	Recursos propios		
			Provisións			
		De enriquecemento	Reservas			
	Externo			Capital	Longo prazo	Recursos alleos
				Prestamos a longo prazo		
				Leasing		
				Empréstitos		
				Renting		
				Préstamos a curto prazo	Curto prazo	
				Créditos		
				Desconto de efectos		
				Descubertos en conta		
				Factoring		
				Créditos comerciais e espontáneos		



Unha das maiores dificultades coas que se atopa un emprendedor é a de **FINANCIAMENTO**

O 86,3% das pemes que acudiron a unha entidade financeira no último trimestre de 2010 (en torno a un millón de compañías) tivo problemas para o acceso ao financiamento, segundo un estudio das Cámaras de Comercio.

"Hai xente que leva máis dun ano coa idea de negocio e sen chegar a poñelo en marcha" destaca José Carlos García del Valle, secretario xeral de CONAE.




Así que os emprendedores deben recorrer ás "tres F"
para capital semente.



F

F

F



FAMILY



FRIENDS



FOOLS

As sociedades de capital risco (Venture Capital):

Consiste na toma de participacións temporais e minoritarias en PEME en proceso de creación ou crecemento, co obxecto de obter algún beneficio do seu éxito; plusvalías se os investidores son privados ou rexeneración do tecido empresarial se o aportante dos recursos pertence ao sector público.



Mentres que é difícil conseguir máis de 100.000 euros de familiares e amigos, a maioría das entidades de capital de risco non consideran investimentos menores a 1 millón de euros (varía dependendo o país).

Business Angel:

Un **investidor anxo** (Business Angel ou simplemente "anxo") é unha persoa ou grupo de persoas que inverten unha parte do seu patrimonio no capital de pequenas e medianas empresas (PEMES) con grande capacidade de crecemento ou ***start-up***.



Os business angels concéntranse na súa grande maioría en sectores e empresas cunha forte base tecnolóxica.

Business Angel:

Debido a que unha grande porcentaxe dos investimentos anxos son perdas cando as empresas nacentes fracasan, os investidores anxos profesionais buscan investimentos que teñan un **alto potencial de rendibilidade** segundo o plan de negocio que lle presentan os emprendedores.

¿Que achega un Business Angel?

- Confianza ("Esa empresa irá ben").
- Apoio e coñecemento: comparten a súa experiencia empresarial coa compañía obxecto do investimento. Supervisan, apoian a xestión e evolución do proxecto.
- Contactos; os anxos son claves para conseguir as seguintes roldas de financiamento por parte dos fondos de investimento (sociedades de Capital Risco ou entidades financeiras).

Un número cada vez maior de anxos investidores estanse organizando en redes, grupos ou clubs de anxos. **ESBAN** (Rede Española de Business Angels)



Microcréditos:

Muhammad **Yunus** é un banqueiro e economista de Bangladesh. Fundador do Banco Grameen especializado na concesión de **microcréditos** a mulleres emprendedoras.


Yunus foi galardoado co Premio Príncipe de Asturias da Concordia en 1998, e co Premio Nobel de la Paz de 2006.

Os microcréditos son pequenos préstamos concedidos a persoas para montar un negocio propio.



Crowdfunding, financiamento colectivo ou micromecenazgo :

Crowdfunding: "Cooperación colectiva, levada a cabo por persoas que realizan unha rede para conseguir diñeiro ou outros recursos, adóitase utilizar Internet para financiar esforzos e iniciativas doutras persoas ou organizacións". Fonte: Wikipedia.



Crowdfunding, financiamento colectivo ou micromecenazgo :

O crowdfunding nace dos desenvolvedores de software libre que empezaron a pedir doazóns polo seu traballo. A resposta foi maior da esperada. Nese momento, entre os creadores (que requirían de financiamento) e os usuarios (que demandaban proxectos creativos e pagaban por eles) nacía o crowdfunding, o financiamento colectivo, como unha nova opción para financiar, nun primeiro momento, proxectos creativos.

Hoxe, cada vez existen máis webs de crowdfunding e máis proxectos financiados por esta vía.



"Outubro é un dos meses particularmente perigosos para especular na Bolsa. Os outros meses perigosos son xullo, xaneiro, setembro, abril, novembro, maio, marzo, xuño, decembro, agosto e febreiro"

Mark Twain



Entre os aforradores e os investidores

MERCADOS DE VALORES



MERCADOS DE VALORES:

¿Que son o mercado primario e o mercado secundario?

Un mercado **primario** é o proceso de emisión inicial dun título (bonos, accións, etc.).

Nos mercados primarios, os valores financeiros nacen (póñense á venda por primeira vez) e as empresas e organismos públicos obteñen o seu financiamento.

Un mercado **secundario** é aquel no que se compravenden dos títulos xa existentes.



Bolsas y Mercados Españoles (BME) é o operador de todos os mercados de valores en España. BME cotiza en Bolsa e forma parte do índice IBEX 35.


MERCADOS DE VALORES:



Renda Fixa e Variable

- Títulos de renda fixa: as **obrigas** e a débeda de empréstitos privados ou públicos.
- Títulos de renda variable: as **accións**.

Tamén hai obrigas convertibles en accións. Primeiro ofrecen un xuro estable e despois transfórmanse en valores de renda variable.





MERCADOS DE VALORES:

¿Que é a Bolsa de valores?


A Bolsa é un mercado financeiro **secundario**.

Á Bolsa acoden persoas (os investidores) que queren comprar e outras que desexan vender. É un mercado que pon en contacto aos aforradores e aos investidores.

Por exemplo, cando un investidor acode á bolsa para comprar accións de Telefónica, non adquire estas accións directamente á compañía, senón a un terceiro que xa as posúe e as pon en venda. Telefónica non recibiría nada por iso.

Pero a Bolsa está considerada como o barómetro da saúde das empresas, xa que o prezo das accións vén a reflectir a opinión dos investidores sobre o futuro das sociedades.

A inmensa maioría das transaccións financeiras realízase nos mercados secundarios.



MERCADOS DE VALORES:



¿Que se negocia na Bolsa?

Na Bolsa contrátanse **accións** das S.A. e tamén se negocian outros **activos financeiros** (obrigas, dereitos de subscrición e débeda privada ou pública).

Activos financeiros

O concepto de título valor é un termo xurídico que supón a incorporación dun valor o a un título.

Por esta razón á Bolsa chámase mercado de valores.



MERCADOS DE VALORES:

Características dos activos financeiros:

- Rendibilidade
- Risco
- Liquidez




La España Industrial, creada en Madrid en 1847.



MERCADOS DE VALORES:

ESQUEMA DOS MERCADOS DE VALORES ESPAÑOLS




ORGANIZACIÓN DO HOLDING BOLSAS Y MERCADOS ESPAÑOLES (BMEX):

BOLSAS	Bolsa de Madrid	
	Bolsa de Barcelona	
	Bolsa de Valencia	
	Bolsa de Bilbao	
MERCADOS FINANCIEROS 	MERCADO ESPAÑOL DE FUTUROS FINANCIEROS (MEFF)	
	ASOCIACIÓN DE INTERMEDIARIOS DE ACTIVOS FINANCIEROS (AIAF)	
	SISTEMA ORGANIZADO DE NEGOCIACIÓN ELECTRÓNICA DE VALORES DE RENTA FIJA (SENAF)	
MERCADO ALTERNATIVO BURSÁTIL (MAB)		



FUNCIONAMIENTO DAS BOLSAS:



ÍNDICES BOLSISTAS:

Ibex 35 (Madrid)

FTSE (Londres)

CAC (París)


DAX (Frankfurt)

Nikkei (Tokio)

Dow Jones (NYSE)

Nasdaq (tamén de Nova York, pero para valores tecnolóxicos)

...



UN POUCO DE HISTORIA

A orixe da bolsa como **institución** data do final do **século XV** nas feiras medievais de Europa Occidental.

Parece que a **palabra** "bolsa" ten a súa orixe nun edificio que pertenceu a unha familia nobre de **Bruxas**, na rexión de Flandes, de apelido **Van Der Buërse**. Diante desta casa (cun escudo de armas de tres bolsas de pel, os moedeiros da época) realizábanse encontros e reunións de carácter mercantil. E foi aí onde se empezou a popularizar o termo "Bolsa", non obstante noutras cidades de Europa utilizábanse os termos "Praza de Cambio" ou "Colexio de Mercadores" para referirse a este tipo de mercados.

Ata a creación das Bolsas de Valores o intercambio bolsista consistía en **reunións informais** de comerciantes, nos barrios mercantís das cidades. Por exemplo, en Nova York, os comerciantes reuníanse ao aire libre no que hoxe é Wall Street.

Considerase que a primeira bolsa foi creada en **Amberes** en **1460** e a segunda en **Ámsterdam** en 1602 pola **Compañía holandesa das Indias Orientais** para facer tratos coas súas accións e bonos. Esta Bolsa foi tamén escenario da famosa **crise dos tulipáns**, que podería considerarse como o primeiro "boom" bolsista, seguido de afundimento total.

En 1570, fúndase a bolsa de Londres e en 1555 a de Lyon. A bolsa de Nova York nace en 1792 e a de París en dous anos máis tarde.

En **España**, que fora pioneira nas lonxas, o fenómeno bolsista, propiamente dito, foi tardío. A de Madrid recoñécese oficialmente en 1831. A continuación seguiron Bilbao (1890), Barcelona (1915) e Valencia (1980).

O termo inglés de bolsa, "**stock market**", parece que provén do nome dun mercado londiniense de peixes e carnes do século XV chamado Stock Exchange, que recibiu o devandito nome debido a que se construíra nun lugar no que estiveran un par de estacas que se utilizaban para castigar ás que cometían algunha ofensa.

UN POUCO DE ACTUALIDADE

A BOLSA MÁIS GRANDE DO MUNDO

O operador de bolsa alemán **Deutsche Börse** chegou a un acordo en febreiro de 2011 para comprar o **NYSE Euronext**, co que se formará a maior compañía do sector con ingresos netos anuais por US\$ 5.400 millóns e un valor de US\$ 25.500 millóns.

A nova empresa resultante estará controlada por un 60% polos accionistas da xermana e nun 40% polos estadounidense. O consello de administración estará formado por 7 membros do NYSE e 10 da Börse polo que o predominio xermánico é innegable.

Euronext foi formado no 2000 como fusión das Bolsas de Valores de Amsterdam, Bruxelas e París, para aproveitarse da harmonización dos mercados financeiros da UE. En decembro do 2001 Euronext adquiriu as accións da Bolsa de Futuros e Opcións Financeiros Internacionais de Londres (LIFFE). E no 2002 o grupo fusiúnase coa Bolsa de Valores de Lisboa e Porto.

No 2007 complétase a fusión coa Bolsa de Nova York, formando o **NYSE Euronext**.

